

**CONVENIO REGULADOR DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O
CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS E O CLUB ADAS**

No Barco de Valdeorras, a 6 de outubro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, DON AURENTINO ALONSO ARAUJO, alcalde do **CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS**;

E de outra, DON AGUSTÍN GONZALEZ RUÍZ, en nome e representación de **CLUB ADAS**, como presidente do mesmo

EXPOÑEN

1.- Que o **CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS** (en diante, o **CONCELLO**), con NIF: P3201000A, ten entre as súas competencias a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, segundo o previsto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime Local, que se desenvolve no artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

2.- Que **CLUB ADAS**, con N.I.F G-32027195 e sede e sede nesta Vila, na rúa Eulogio Fernández núm. 77-2º B, ten entre os seus fins estatutarios a promoción, fomento e práctica das actividades físicas e deportivas, especialmente a do atletismo, sen ánimo de lucro, axustándose en todo momento, no seu funcionamento, aos principios democráticos e estando sometido ás leis e regulamentos deportivos existentes.

3.-Que o Orzamento do **CONCELLO** para o exercicio 2025 prevé un subvención nominativa en favor de **CLUB ADAS** por importe de **16.600 euros** con cargo á **aplicación 340/48900**, co obxecto de colaborar no financiamento de proxectos e/ou actividades e gastos correntes relacionados co seu funcionamento ordinario (incluídos os de persoal).

4.- Que no Plan Estratéxico de Subvencións do **CONCELLO** para o período 2024-2026 consta o seu outorgamento desta no presente exercicio.

5.-Que **CLUB ADAS** presentou solicitude de concesión da axuda prevista xunto coa documentación requirida.

6.-Que examinada dita solicitude, incorporado de oficio informe acreditativo da ausencia de débedas coa Facenda Municipal e fiscalizado o expediente pola Intervención, a **Xunta de Goberno Local acordou o ---- de ---- 2025** a concesión da axuda polo indicado importe de **16.600 euros**.

En razón do exposto e co fin de instrumentar a concesión da subvención outorgada, os deberes da beneficiaria e o control do destino dos fondos, ámbalas dúas partes acordas subscribir o presente CONVENIO REGULADOR, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBJECTO E CONTÍA.

É obxecto do presente convenio a colaboración do **CONCELLO** no financiamento de proxectos e/ou actividades e gastos relacionados co funcionamento ordinario de **CLUB ADAS** no período comprendido entre o **1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025**.

A tal fin, o Concello comprométese a facilitar á citada Entidade a **cantidade máxima de 16.600 euros con cargo á aplicación 340/48900 do vixente Orzamento para 2025**.

Dita contía considerarase importe certo aos efectos do previsto no art. 32.2 do RLGS; en consecuencia, enténdese que o Orzamento Xeral establece a aportación municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do coste total e que, por tanto, queda a conta da beneficiaria a diferenza de financiación necesaria para a total execución da actividade subvencionada.

SEGUNDA.-GASTOS SUBVENCIONABLES.

Tal subvención servirá para financiar **os gastos nos que incorra CLUB ADAS** en dito período (do 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025), referidos á promoción e desenvolvemento da práctica do atletismo nas categorías SUB 18, SUB 20, SUB 23, e Senior ou Absoluta, que se citan de seguido:

- ✓ Arbitraxes, xuíces, cronometradores e secretarías técnicas.
- ✓ Persoal técnico deportivo (adestradores, delegados, fisioterapeutas, médicos, coordinadores e persoal administrativo).
- ✓ Taxas, altas, cotas de tramitación de licenzas deportivas ou mutualidades, do club ou dos deportistas.
- ✓ Dereitos de organización, participación de campionatos, competicións.
- ✓ Canon de Federacións deportivas.
- ✓ Cotas de afiliación a seguros deportivos.
- ✓ Seguros de responsabilidade civil do club, adestradores, monitores.
- ✓ Gastos de caixas de primeiros auxilios, material fisioterapéutico e farmacéutico.
- ✓ Material técnico deportivo (excluídas as adquisicións de bens de importe unitario superior a 300,51€, e a adquisición de bens ou a contratación de servizos de empresas ou outros terceiros destinados á realización de obras ou instalacións.
- ✓ Equipamentos deportivas (camisetas, chándales, botas, zapatillas? destinadas á competición oficial).
- ✓ Aloxamentos.
- ✓ Manutencións (non podendo supoñer máis dun 15% do importe do convenio)
- ✓ Material de avituallamento para deportista: augas, alimentos (non podendo superar máis do 10% do importe do convenio).

Os gastos de persoal poderán imputarse polo seu importe bruto.

Así mesmo, poderán incluírse os gastos de xestoría que sexan indispensables para a preparación da documentación requirida por mor da presente subvención.

Esixirase que tales gastos estean efectivamente pagados á data de finalización do prazo de xustificación.

En ningún caso serán subvencionables:

- ✓ os xuros debedores das contas bancarias;
- ✓ os xuros, recargos e sancións administrativas e penais;
- ✓ os gastos de procedementos xudiciais;
- ✓ os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación;
- ✓ os impostos persoais sobre a renda;
- ✓ os gastos de hostalería, mantemento, conservación ou investimento;
- ✓ Desprazamentos;
- ✓ Protocolo ou representación;
- ✓ Suntuarios e ordinarios de mantemento do club (tales como luz, teléfono, limpeza, material de oficina, etc.);
- ✓ Investimentos;
- ✓ Derivados do Deporte Base entre as categorías prebenxamín e SUB16.

TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN: PRAZO E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DE INGRESOS E GASTOS

O prazo límite de xustificación da subvención rematará o 17 de novembro de 2025, debendo presentar a beneficiaria a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación xustificativa (ANEXO VI), con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Memoria económica (ANEXO VII), co balance de ingresos e gastos.

3.-Conta xustificativa do gasto realizado no período subvencionable (do 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025) no modelo do ANEXO VIII, con indicación, no caso de facturas, do acreedor, número, concepto, importe, e datas de emisión e de pagamento; e no de nóminas, do traballador, importe bruto, custo das cotizacións, importe do IRPF e a data de pago.

4.-Xustificantes de gasto:

a) Facturas confeccionadas con arranxo ó disposto no R.D 1619/ 2012 de 30 de novembro, **ou documentos de valor probatorio equivalente** con validez no tráfico mercantil, **que reflectan operacións comprendidas nese período**, aínda que a súa data de emisión sexa posterior, que deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Indicar o número, data de emisión, descrición completa do gasto, prezo unitario, tipo impositivo aplicado (IVE ou equivalente), cota tributaria e importe total expresado euros, así como os datos identificativos (nome, apelidos ou denominación social, NIF e domicilio) do expedidor e do destinatario.
- Si a descrición do gasto non é suficientemente clara, deberá ir



acompañada de nota explicativa da súa relación coa actividade subvencionada.

- No suposto de que a operación que se documente estea exenta do imposto, deberá conter unha referencia ás disposicións correspondentes da Directiva 2006/112/CE, do 28 de novembro, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, ou aos preceptos correspondentes da Lei do imposto ou indicación de que a operación está exenta.

O disposto nesta letra aplicarase, así mesmo, cando se documenten varias operacións nunha única factura e as circunstancias que se sinalaron se refiran unicamente a parte delas.

- Si está suxeita a retención de I.R.P.F, deberá incluír tipo de retención aplicada, cota resultante e importe a pagar.

b) Nóminas de cada traballador debidamente asinadas polo mesmo e co selo da Entidade, acompañadas de:

- Os documentos acreditativos do pago da Seguridade Social Recibo de Liquidación de Cotizacións, RLC, antigo TC1; Relación Nominal de Traballadores, RNT dos traballadores cuxas nóminas presentar.
- Os documentos acreditativos do pago do IRPF correspondente a devanditas nóminas para que poida ser imputado o importe bruto dos salarios.

5.- Xustificantes de pago

a) PAGO POR TRANSFERENCIA

1. Resgado do Banco ou Caixa da orde de transferencia realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada, ou Certificado (ou outro título similar) emitido pola entidade bancaria que conteña:
 - O titular e o número da conta na que se carga a transferencia;
 - O ordenador da transferencia;
 - O/a beneficiario/a ;
 - O concepto polo que se realiza a transferencia;
 - O importe e a data da operación.

b) PAGO POR DOMICILIACIÓN BANCARIA

1. Notificación bancaria do adeudo ou Extracto da C.C. onde figure o cargo da domiciliación, ou
2. Certificado (ou título similar) emitido pola entidade bancaria que conteña:
 - O titular e o número da conta na que se carga o adeudo;
 - O ordenador do adeudo;
 - O/a beneficiario/a ;
 - O concepto polo que se realiza o adeudo;

- O importe e data da operación.

c) PAGO POR CHEQUE NOMINAL

1. Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura ou documento equivalente.
2. Extracto da C.C. onde figure o cargo do cheque.
3. Certificado da entidade bancaria na que conste o número do cheque, o seu importe, identificación de quen o cobra e data do cobro.

Non será preciso presentar o extracto da C.C. se o certificado da entidade bancaria inclúe tamén a identificación do número da conta na que se cargou o cheque e do titular da mesma (que debe coincidir co/a beneficiario/a de a axuda).

d) PAGO EN METÁLICO

1. Factura na que figure a expresión “recibín en metálico” ou “pagado” coa firma e selo do emisor da mesma. Deberá incluír a data de pago do mesmo.
2. Ou certificado do provedor no que conste a información detallada.

Recoméndase utilizar, sempre que sexa posible, a transferencia bancaria como formade pago, dado que facilitará os trámites necesarios para o rápido abono da subvención.

O titular da conta bancaria na que se realice o cargo da operación (a transferencia, o adeudo domiciliario, etc.) debe ser o/a beneficiario/a da axuda

6.-Un exemplar da documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do CONCELLO.

7.- Declaración responsable sobre posibilidade/imposibilidade de recuperación do IVE (ANEXO IX)

8.-Certificados expedidos pola AEAT, ATRIGA e SEGURIDADE SOCIAL, acreditativos de estar ó corrente de pago.

O CONCELLO incorporará de oficio ó expediente o que xustifique a ausencia de débedascoa Facenda Municipal.

9.-As tres ofertas en caso de servizos ou subministracións por importe superior a 15.000,00 euros

10.-No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.

CUARTA.-MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

O importe total de todas as axudas concedidas e recursos obtidos para a mesma actividade non poderá superar o 100% do custo da mesma.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras

administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar

lugar á modificación da resolución de concesión.

QUINTA.- REDUCCIÓN DA SUBVENCIÓN

A contía da subvención reducirase nos seguintes supostos:

- a) Se o importe dos gastos xustificadas fose inferior ao importe da axuda percibida, pola entidade sempre que se acredite o cumprimento da finalidade e a realización das actuacións.
- b) Si se obtiveran outras subvencións, ingresos ou recursos que sumados á subvención municipal excederan dos gastos xustificadas. A redución proporcional terá lugar neste caso conforme resulte da redistribución da financiación total obtida para o obxecto da subvención en función do custe definitivo de acordo co art. 34 RLXS.

No suposto de que as outras subvencións, ingresos ou recursos se obtiveran despois de percibir a subvención municipal e se dera a circunstancia prevista no parágrafo anterior procederá o reintegro.

SEXTA.- OBRIGAS DA BENEFICIARIO

CLUB ADAS asume o cumprimento de, como mínimo, as seguintes obrigas:

- 1º.- A executar correctamente as actividades subvencionadas.
- 2º.- A xustificar a realización das actividades e dos gastos conforme a este convenio eá normativa aplicable.
- 3º.-A someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.
- 4º.- A comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.
- 5º.- A estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 6º.- A facer constar expresamente, e de forma visible, en calquera dos medios que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan co financiamento do Concello do Barco de Valdeorras.
- 7º.- A solicitar tres ofertas en caso de obras, subministracións ou servizos cando superen o importe do contrato menor previsto na Lei de contratos.
- 8º.- **CLUB ADAS** será a único responsable do tratamento de datos de carácter persoal a que puidera dar lugar a execución de este convenio de conformidade co que dispón o Regulamento da Unión Europea 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- 9º.- En aplicación do previsto nos artigos 18 da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15 da

Lei 9/2007, procederáse á publicación da concesión e procederáse a facilitar a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

10º.- É obriga do beneficiario facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polo nel disposto e polo previsto na seguintes normas:

1. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.
2. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia.
3. O Orzamento do Concello do Barco de Valdeorras para o 2025.
4. O Plan estratéxico de subvencións da Entidade Local 2024-2026.

OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente Convenio terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

NOVENA.- CONTROL E SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do Concello e polo Presidente da beneficiaria.

Non obstante, **CLUB ADAS** estará obrigado a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requirida pola Intervención Municipal no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003

DÉCIMA.- COMPATIBILIDADE DE AXUDAS

As subvencións reguladas na presente orde serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, tendo en conta que o seu importe total en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, procedendo en tal caso o reintegro do exceso.

DECIMOPRIMEIRA.- GRADACIÓN DOS INCUMPRIMENTOS

Os criterios proporcionais de gradación de incumprimentos serán os seguintes:

- a) O incumprimento total e manifesto dos obxectivos de realización das actividades para os que se concedeu a axuda, será causa de revogación da axuda concedida.
- b) O incumprimento da adopción de medidas de difusión dará lugar á perda do dereito de cobro da subvención.
- c) Perderá o dereito ao cobro da subvención o beneficiario que non xustifique, a lo

menos o 40% do proxecto inicialmente presentado, sen prexuízo de posibles modificacións.

DECIMOSEGUNDA.- RESOLUCIÓN CONVENIO

Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes
- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

DECIMOTERCEIRA.- XURISICIÓN COMPETENTE

Dada a natureza xurídico-pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo serán resoltas pola xurisdición contencioso- administrativa.

DECIMOCUARTA.- CONSULTA DE DATOS

Salvo manifestación expresa en contrario de **CLUB ADAS** autorízase ó Concello a solicitar a outras Administracións Públicas os informes que sexan necesarios para a comprobación de datos sobre a documentación presentada, en concreto os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social.

As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo, someténdose ó mesmo, as Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello vixente e á normativa de aplicación na materia.

E en proba da súa conformidade, os outorgantes asinan o presente, en duplicado exemplar, no Barco de Valdeorras, na data sinalada no encabezado

POLO CONCELLO

POR CLUB ADAS

D. Aurentino Alonso Araujo

D. Agustín González Ruíz

XUSTIFICACIÓN

D/Dña....., con NIF..... en calidade de Presidente/a da Asociación/ Entidade, beneficiaria da subvención por importe deconcedida polo Concello do Barco de Valdeorras, presenta a efectos de xustificación da mesma a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa (ANEXO VI)
- Memoria económica(ANEXO VII)
- Conta xustificativa do gasto realizado con cargo á subvención, asinada polo Presidente da Entidade (ANEXO VIII)
- Facturas regulamentarias/nóminas
- Xustificantes de pago/ acreditación do pago da Seguridade Social e do IRPF
- Exemplar da documentación gráfica onde conste a colaboración do Concello do Barco de Valdeorras
- Declaración sobre a posibilidade/imposibilidade de recuperación do IVE (ANEXO IX)
- Certificados acreditativos de estar ao corrente de pago coa AEAT, ATRIGA e a Seguridade Social

En..... ade..... 202....

Presidente/a da Asociación
(sinatura)

ANEXO VI

SUBVENCIÓN DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS A FAVOR DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE.....
PARA.....

MEMORIA DE ACTUACIÓN XUSTIFICATIVA do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando o desenvolvemento da actividade realizada ou equipamento adquirido e os resultados obtidos (arts.72 e 75 RD 887/2006, de 21 de xullo)

Importe da subvención obtida.....

D./D^a. con
DNI.....,Presidente da Asociación/Entidade.....

..... poño de manifesto que a entidade referenciada deu cumprimento ás condicións impostas no convenio regulador mediante a execución que de seguido se detalla:

Da realización do proxecto/actividade/gasto:

En..... ade202.....
Presidente/a da Asociación(sinatura)

ANEXO VIII CONTA XUSTIFICATIVA

D. Presidente da Entidade/Asociación....., beneficiaria da subvención outorgada polo Concello do Barco de Valdeorras por importe deeuros, rindo ante o órgano concedente **CONTA XUSTIFICATIVA** do gasto realizado:

Facturas

Nº factura	Concepto	Provedor	Importe	Data de emisión	Data de pago	Importe imputable á subvención

- IMPORTE TOTAL..... EUROS.

Nóminas (*)

Traballador	Nómina importe bruto	Cotizacións empresa custo Seguridade Social	Importe IRPF	Nómina importe líquido	Data de pago	Importe imputable á subvención

- IMPORTE TOTAL.----- EUROS

(*) Xunto coas nóminas de cada traballador debidamente asinada polo mesmo e co selo da Entidade, deberanse aportar os documentos enumerados na cláusula terceira do convenio asinado

Así mesmo, e baixo a miña responsabilidade, DECLARO:

1. Que a subvención concedida se destinou os mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
2. Que todos os datos presentados nesta conta xustificativa son certos.
3. Que todos os gastos presentados foron pagadosna súa totalidade ó provedor ou subministrador.
4. Que os gastos foron reflectidos, na forma preceptiva, no libro de contabilidadeda Entidade.

5. Que a Entidade se atopa ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6. Que dita Entidade:

- Non solicitou e/ou percibiu ningunha subvención e/ou axudas ou aportacións para a mesma finalidade.
- Percibiu e/ou solicitou as seguintes subvencións e/ou axudas ou aportacións para a mesma finalidade:

Subvencións ou outras axudas ou aportacións solicitadas	Organismo concedente	Estado (*)	Importe

(*) Neste apartado deberá indicarse si está solicitada ou concedida

En ade 202...
PRESIDENTE DA ENTIDADE (sinatura)

ANEXO IX

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE RECUPERACIÓN DO IVE

D/D.^a.....
.....,con DNI
....., en nome propio/ en calidade
de representante da entidade.....

DECLARO (marque a que proceda)

Que a Entidade NON ten posibilidade de recuperar nin de compensar o IVE correspondente aos gastos presentados como xustificación, por canto non ten obriga de realizar ningunha Declaración de IVE.

Que a Entidade realiza as correspondentes declaracións de IVE podendo recuperar, en relación cos gastos presentados como xustificación, as cantidades e porcentaxes que se indican a continuación:

Cantidade euros

Porcentaxe de prorrata. %

En, a de de 202...

O presidente
(sinatura)